

**2º DE BACHARELATO - HISTORIA DE ESPAÑA**  
**CURSO 2011-12**  
**ORIENTACIÓN PARA A COMPOSICIÓN SOBRE TEXTOS**

Ante o modelo de exame que se presenta nas PAU, que consiste nunha redacción baseada no comentario de varios textos relacionados entre sí (composición), esperamos que resulten útiles as seguintes recomendacións:

- Debe facerse unha lectura atenta aos documentos, en profundidade, facendo ao mesmo tempo unha ordenación e xerarquización das ideas. Isto servirá para non repetir ou resumir os contidos á hora de organizar a composición e permitirá distinguir o esencial do secundario, identificando personaxes, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de comentario posterior. Para este traballo previo é fundamental subliñar, anotar nas marxes, enumerar as liñas para despois situar facilmente os feitos.
- Para contextualizar historicamente os diversos textos, o estudante non se limitará a dar unha data, senón que terá en conta as dimensións política, social e económica .... da etapa ou momento no que se encadran os documentos, isto servirá para comprendelos mellor. Analizaranse, pois, as causas, as consecuencias, os intereses que defenden, os obxectivos que se pretenden...
- Toda composición debe facerse partindo dos documentos, non á marxe deles. O traballo sobre documentos debe demostra que o alumno e a alumna ten capacidade para poñer os seus coñecementos xerais en correcta relación cos contidos dos documentos concretos e pode aportar explicacións e comentarios propios.
- Terase en conta a forma de redacción, explicando correctamente e con coherencia as ideas aportadas. Teranse en conta as normas ortográficas e outras pautas básicas da linguaxe escrita (precisión no léxico, sintaxe correcta, claridade na expresión), así como tamén a presentación do exercicio.
- As valoracións propias que se podan facer deben basearse en criterios de coñecemento histórico e non en opinións persoais de tipo ético.

Estas pautas podémolas estruturar no momento de facer a composición da seguinte forma:

### **1. INTRODUCCIÓN**

- Referencia inicial ao tema que presente o eixe central dos textos.
- Contextualización de cada un, ou do conxunto dos documentos no seu período histórico concreto.
- Identificación breve do contido en cada documento. É posible, dependendo do tipo de composición que se presente, que este aspecto non se debe tratar na introducción, senón ao longo do desenvolvemento da composición.
- Non é necesario facer unha clasificación dos textos, máis ben debe evitarse para non perder a coherencia do conxunto.

### **2. DESENVOLVEMENTO**

- Caracterizar cada documento, recollendo as ideas fundamentais. Esta caracterización non debe referirse a cada texto como algo illado, senón que se debería salienta as relacións que existen entre eles: diferencias ou semellanzas, ideas que comparten ou nas que se opoñen, feitos históricos relacionados, etc.
- É moi importante organizar a información, cunha exposición ordenada, e tendo en conta aspectos como as ideas principais e secundarias, relacións causa-efecto, personaxes ou acontecementos que deban comentarse.

### **3. CONCLUSIÓN**

- Facer unha síntese que centre a idea ou ideas fundamentais do análise, comentando tamén, se é posible, o interese e repercusión histórica dos documentos: consecuencias e efectos dos feitos históricos contidos nos textos.
- Cando se desexe facer unha valoración persoal, esta debe ser sempre histórica, nunca ética.